

**ORDE do xx de xxxxx de 2022 pola que se crea a Comisión Técnica Asesora de Seguimento e Mellora da Calidade no Control Oficial en Saúde Pública e se establece a súa composición, organización e funcionamento.**

O control oficial é aquel tipo de control efectuado polas autoridades competentes para verificar o cumprimento por parte do operador da lexislación sobre alimentos e factores ambientais mediante a realización da vixilancia de ditos riscos co fin de adoptar medidas sanitarias conducentes á súa desaparición ou diminución ao mínimo.

A lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade no seu artigo 18, recolle que as Administracións Públicas desenvolverán, entre outras, as actuacións na promoción e a mellora dos sistemas de abastecemento de auga e vixilancia sanitaria e adecuación á saúde do medio ambiente, así como o control sanitario e a prevención dos riscos para a saúde derivados dos produtos alimentarios.

Pola súa banda, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, recolle no seu artigo 49, apartado e), que a prestación da saúde pública comprende o establecemento de estándares de produción e medidas de protección da saúde fronte a riscos medioambientais, como os derivados de produtos alimenticios, do uso de produtos químicos, de axentes físicos, da contaminación atmosférica, do uso das zonas de baño, da xestión e tratamento de refugallos e augas residuais, das augas de consumo e da sanidade mortuoria, entre outros. Así mesmo, o artigo 32.3 da citada lei, proclama como un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia o da concepción integral da saúde, que inclúe, entre outros aspectos, a promoción da saúde, a protección fronte a situacións e circunstancias que supoñen risco para a saúde, en particular a protección fronte aos riscos medioambientais.

De conformidade con Decreto 136/2019, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, correspóndelle a esta as competencias en materia de sanidade que o Estatuto de autonomía lle atribúe á Xunta de Galicia nos artigos 27.23º, 28.8º e 33. Nese mesmo decreto recóllense as funcións tanto da Dirección Xeral de Saúde Pública como das xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.

A Dirección Xeral de Saúde Pública é o órgano encargado da promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

As xefaturas territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, como órganos periféricos da Consellería de Sanidade desenvolven as súas funcións no ámbito territorial provincial respectivo. Ditas xefaturas territoriais lles corresponde a execución, no seu ámbito, da política de calidade establecida para os servizos de inspección de saúde pública e da supervisión das actividades de control oficial.

Unha política co obxectivo da calidade ofrece unha garantía plena no control oficial en saúde pública xa que vela polo cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios, ao mesmo tempo que garante que os criterios empregados sexan uniformes e obxectivos.

No referente á potestade sancionadora, a Dirección Xeral de Saúde Pública exerce dita potestade nos termos previstos na lexislación vixente. Para tal efecto poderá acordar o inicio, de oficio, de expedientes sancionadores en materia de seguridade alimentaria, sanidade ambiental, alcohol, produtos cosméticos e de coidado persoal, tabaco ou outras comprendidas no seu ámbito de actuación. Pola súa banda, as XXTT incoarán e tramitarán os expedientes sancionadores derivados da comisión de infraccións administrativas no ámbito das súas competencias, e a resolución daqueles que lle atribúa a normativa vixente.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle a iniciación, ordenación e instrución dos procedementos sancionadores. Por outra banda, a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, recolle e cualifica as infraccións sanitarias e en materia de saúde pública, sen prexuízo das que se establezan por outras leis especiais e sectoriais. Así, por exemplo, en materia de seguridade alimentaria, é de aplicación a Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

No control oficial en saúde pública pódense atopar situacións de infracción sanitaria que dan lugar a sancións administrativas. Ditas sancións cualifícanse como leves, graves o moi graves, segundo criterios de risco para a saúde, contía do eventual beneficio obtido, grado de intencionalidade, gravidade da alteración sanitaria e social producida, xeneralización da infracción e reincidencia. É preciso unificar estes criterios para que non se atopen desigualdades entre os operadores económicos de distintos ámbitos xeográficos.

Por todos estes motivos, a Consellería de Sanidade considera necesaria a creación dun órgano de asesoramento técnico como órgano multidisciplinario que estableza consenso entre as distintas unidades encargadas da realización do control sanitario co fin de uniformar os criterios aplicados e desenvolva accións específicas no ámbito da mellora da calidade do control oficial en saúde pública, centrándose principalmente a súa actividade na coordinación e o asesoramento.

Créase polo tanto, a Comisión Técnica Asesora de Seguimento e Mellora da Calidade no Control Oficial en Saúde Pública que estará integrada por persoal técnico experto en materia de control sanitario oficial, dende a súa planificación ata a supervisión e seguimento das medidas conseguíntes, así como todas aquelas outras que se poden levar a cabo en materia de calidade.

A orde consta de ..... artigos relativos ao obxecto, adscrición e ámbito de actuación, á finalidade, ás funcións, á súa composición, á presidencia, á secretaría, ás causas de

cesamento e substitución dos membros electivos da Comisión, aos dereitos e obrigas dos membros, ao funcionamento, ao tratamento de datos de carácter persoal e ao réxime supletorio. Complétase cunha disposición adicional única relativa ao crédito orzamentario e cunha disposición derradeira relativa á entrada en vigor.

Na súa constitución cumpríuse co establecido no artigo 15 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia que regulará xunto coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público o seu réxime de organización e funcionamento. Así mesmo foi obxecto de publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia. Así mesmo, foi sometido a informe económico-financeiro da consellería competente en materia de facenda, informe sobre impacto de xénero e informe da Asesoría Xurídica Xeral.

No que atinxe ás peculiaridades da tramitación normativa, cómpre indicar que se pode prescindir dos trámites de consulta pública previa e de información pública pola propia consideración de órgano administrativo que ten a Comisión Técnica que se crea, polo que, de conformidade co previsto no artigo 42.6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, neste caso pode prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos no mesmo artigo por tratarse dun proxecto organizativo, que trata sobre a constitución dun órgano colexiado dentro da administración sanitaria.

O resto dos trámites deberán seguir as previsións contidas nos artigos 40 a 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e nos artigos 127 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, antes citadas.

Finalmente, no exercicio desta potestade regulamentaria, e en prol da mellora da calidade normativa, esta Administración actuou de conformidade cos principios de boa regulación, nomeadamente, os de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade, eficacia e eficiencia recollidos no artigo 37.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, así como no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En consecuencia, de conformidade coas facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

## DISPOÑO

### Artigo 1. Obxecto, adscrición, natureza e ámbito de actuación

1. O obxecto desta Orde é crear a Comisión Técnica Asesora de Seguimento e Mellora da Calidade no Control Oficial en Saúde Pública (en adiante a Comisión Técnica Asesora) como órgano colexiado interno de asesoramento da consellería competente en materia de sanidade, adscrito ao órgano directivo con competencia no desenvolvemento de programas en materia de saúde pública, como un instrumento que estableza o consenso entre as distintas unidades encargadas da realización do control oficial en saúde pública co fin de uniformar os criterios aplicados e desenvolver accións específicas no ámbito da mellora da calidade deste control oficial, centrándose principalmente a súa actividade na normalización, coordinación e o asesoramento.

2. O seu ámbito de actuación será a Comunidade Autónoma de Galicia.

## Artigo 2. Finalidade

A Comisión Técnica Asesora, ten como obxectivo xeral contribuír á mellora nas actividades de control oficial en saúde pública mediante a normalización das inspección de saúde pública e a coordinación das medidas posteriores a ditas inspeccións en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

## Artigo 3. Funcións

1. Son funcións da Comisión Técnica Asesora as seguintes:

- a) Actuar como órgano de natureza colexiada para o asesoramento interno, competente en materia de mellora da calidade no control oficial.
- b) Asesorar, coordinar e desenvolver accións específicas á hora da execución e da supervisión sobre as actividades de control oficial.
- c) Establecer o procedemento para mellorar a calidade na inspección coa análise dos resultados das auditorías internas e a supervisión.
- d) Coordinar e promover o desenvolvemento e a difusión de procedementos normalizados no control oficial en saúde pública.
- e) Avaliar os programas e os procedementos de vixilancia dos factores ambientais de Galicia e as actividades do plan nacional de control oficial da cadea alimentaria (PNCOCA).
- f) Colaborar coas entidades estatais e europeas desenvolvendo as súas recomendacións e compartindo a información obtida na Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Establecer as liñas estratéxicas para a mellora da actuación ante situacións administrativas que poden desembocar en expedientes sancionadores así como o seguimento e revisión daqueles casos considerados de interese na tramitación de expedientes sancionadores.

h) Protocolizar as actuacións para acadar unha uniformidade na gradación das infraccións. Para isto pódese desenvolver o uso de ferramentas informáticas axeitadas.

i) Solicitude de informes técnicos sobre os temas que, no eido da súa competencia, considere oportunos.

j) Calquera outra función que lle sexa encomendada pola consellería competente en materia de sanidade.

2. A Comisión elaborará e aprobará o seu regulamento de organización e funcionamento interno, sen prexuízo da aplicación do previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Sección 3, Subsección I, do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, no que se refire ao réxime de constitución, organización e funcionamento dos órganos colexiados.

3. No desenvolvemento das súas funcións, a Comisión integrará a perspectiva de xénero, para o que se terán en conta as diferenzas que na análise, avaliación e intervención en materia de cidadados se poida dar en función do sexo.

#### Artigo 4. Composición

##### 1. Formarán parte da Comisión Técnica Asesora:

a) Presidencia: a persoa titular da dirección xeral competente en materia de control oficial en saúde pública ou persoa en que delegue.

b) Secretaría: Unha persoa que sexa estatutario/a ou funcionario/a do servizo con competencia no deseño e implantación da política de calidade establecida para os servizos de inspección de saúde pública e na coordinación e execución da supervisión das actividades de control oficial en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental.

c) Vogais: poderanse nomear un máximo de oito (8) vogais. As persoas que ocupen as vogalías deberán pertencer ao órgano directivo con competencia en materia de saúde pública ou aos órganos periféricos (xefaturas territoriais) da consellería competente en sanidade e serán designadas respectando a seguinte composición:

1º. Unha persoa pertencente ao órgano directivo con competencia na asistencia técnico-xurídica e administrativa da consellería competente en sanidade.

2º. Unha persoa do servizo con competencia na tramitación e xestión dos expedientes sancionadores da dirección xeral competente en saúde pública.

3º. Unha persoa do servizo con competencia nas actividades de control oficial no marco da protección da saúde fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos.

4º. Unha persoa do servizo con competencia nas actividades de control oficial no marco da protección da saúde fronte aos riscos físicos, químicos e biolóxicos asociados a factores ambientais.

5º. Unha persoa de cada un dos órganos periféricos da consellería competente en sanidade con competencia na execución da política de calidade establecida para os servizos de inspección de saúde pública e da supervisión das actividades de control oficial en saúde pública ou persoa en quen delegue.

d) A Comisión Técnica Asesora poderá ser asistida por persoal asesor especialista que para este efecto considere oportuno e poderá constituír os grupos de traballo específicos que considere necesarios para a consecución dos obxectivos.

2. O persoal electivo integrante da Comisión Técnica Asesora (secretario/a e vogais) será nomeado e destituído pola persoa titular da consellería competente en sanidade a proposta da persoa titular da dirección xeral con competencia en materia de control oficial en saúde pública por un período de 3 anos, prorrogable de maneira sucesiva ao finalizar cada trienio.

Na súa composición procurarase o respecto ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

## Artigo 5. Presidencia

### 1. Son funcións da Presidencia:

a) Dirixir, promover e coordinar a actuación da Comisión Técnica Asesora.

b) Desempeñar a representación institucional da Comisión Técnica Asesora.

c) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como a determinación da orde do día das sesións, tendo en conta as propostas e peticións formuladas polos seus membros.

d) Convocar e presidir as sesións da Comisión Técnica Asesora, moderar o desenvolvemento dos debates, suspendelos por causas xustificadas e dirimir co seu voto os empates aos efectos de adopción de acordos.

e) Aprobar o calendario de reunións.

f) Visar as actas e certificacións dos acordos da Comisión Técnica Asesora.

g) Solicitar en nome da Comisión Técnica Asesora a colaboración que considere necesaria a institucións, autoridades, organismos, entidades, asociacións ou particulares, así como convidar a participar no pleno ou nas comisións que, no seu caso, se poidan crear, a persoas expertas de recoñecida competencia nos asuntos dos que se trate.

h) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de presidente/a da Comisión Técnica Asesora.

#### Artigo 6. Secretaría

1. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade as súas funcións serán exercidas por outra persoa designada pola Presidencia.

2. Correspóndelle á Secretaría:

a) Asistir ás sesións da Comisión Técnica Asesora con voz e sen voto.

b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde da Presidencia, así como as citacións aos seus membros.

c) Recibir os actos de comunicación entre a Comisión Técnica Asesora e os seus membros, así como recibir e cursar as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións da Comisión Técnica Asesora.

e) Expedir as certificacións das consultas, acordos aprobados ou, no seu caso, ditames e informes emitidos, de conformidade co acordado pola Comisión Técnica Asesora.

f) Custodiar e archivar as actas, resolucións, informes, ditames, propostas e documentación da Comisión Técnica Asesora.

g) Elaborar unha memoria anual que recolla todas as actividades desenvolvidas pola

Comisión Técnica Asesora que deberá ser entregada ao órgano directivo con competencia en materia de control oficial ou á Presidencia da Comisión Técnica Asesora previa a súa aprobación pola mesma.

h) Cantas outras funcións sexan inherentes á condición da Secretaría.

#### Artigo 7. Causas de cesamento e substitución dos membros electivos da Comisión

1. Serán causas de cesamento dos membros electivos (vogais e secretario/a) da Comisión Técnica Asesora as seguintes:

- a) Transcurso do tempo para o cal foi realizado o seu nomeamento.
- b) Renuncia expresa presentada por escrito ante a Presidencia da Comisión Técnica Asesora.
- c) Revogación do seu nomeamento pola persoa titular da consellería competente en materia de sanidade a proposta da Comisión Técnica Asesora ou da súa Presidencia.
- d) A non asistencia, sen causa xustificada, a máis da metade das reunións do ano anterior.
- e) Calquera outra causa prevista na lexislación vixente.

2. Cando un dos membros electivos da Comisión cese por algunha das causas indicadas anteriormente, procederase á designación dun novo membro na forma establecida no artigo 4.2.

#### Artigo 8. Dereitos e obrigas dos membros

1. Os membros da Comisión Técnica Asesora terán os seguintes dereitos:

a) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros coa referida antelación.

Para que as propostas e peticións formuladas polos membros da Comisión Técnica Asesora se incorporen ao orden do día, será necesario que estas sexan enviadas cunha antelación mínima de vinte catro horas antes da redacción da orde do día, para que se poidan poñer a disposición no prazo establecido. No caso de que non se cumpran estes prazos, as propostas serán incorporadas no apartado de rogos e preguntas.

b) Participar nos debates das sesións.



- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do mesmo e os motivos que o xustifican.
- d) Propoñer liñas de traballo.
- e) Formular rogos e preguntas.
- f) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

2. Os membros da Comisión Técnica Asesora terán as seguintes obrigas:

- a) Asistir ás sesións ás cales se convocaron e participar nos seus debates.
- b) Axeitar a súa conduta ás normas contidas nesta orde, e ás directrices e instrucións que, no seu desenvolvemento, acorde o pleno da Comisión Técnica Asesora.
- c) Gardar a debida reserva en relación coas actuacións e informacións que se traten na Comisión Técnica Asesora.

## Artigo 9. Funcionamento

1. A Comisión Técnica Asesora funcionará en pleno, sen prexuízo de que se poida acordar a creación de subcomisións ou grupos de traballo para o estudo de temas concretos. No acordo de constitución farase constar a composición, as funcións e as finalidades da subcomisión ou grupo de traballo.
2. A Comisión Técnica Asesora poderá nomear persoal consultor e asesor externo que colaborarán na súa condición de persoas expertas en áreas específicas de coñecemento. Na súa participación nas reunións da Comisión Técnica Asesora, subcomisións ou grupos de traballo, as persoas expertas disporán de voz pero non de voto.
3. O pleno da Comisión Técnica Asesora reunirse en sesión ordinaria como mínimo tres veces ao ano. As sesións extraordinarias serán convocadas pola Presidencia, a propia iniciativa ou a proposta da maioría simple dos membros do pleno.
4. O pleno quedará constituído en primeira convocatoria coa presenza da maioría absoluta dos seus membros (metade máis un). De non alcanzarse este quórum, o pleno poderá constituírse en segunda convocatoria, media hora máis tarde da primeira, coa asistencia de dúas quintas partes dos seus membros. Nos dous casos é indispensable a presenza das

persoas que ocupan a Presidencia e a Secretaría ou, de ser caso, da persoa que as substitúa.

5. Non poderán ser obxecto de deliberación nin acordo os asuntos que non figuren incluídos na orde do día correspondente á sesión, agás que, presentes todos os membros da Comisión Técnica Asesora, acorden a declaración de urxencia do asunto co voto favorable da maioría.

6. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos. En caso de empate a Presidencia decidirá co seu voto de calidade.

7. De cada sesión elaborárase a correspondente acta, que será asinada pola persoa titular da Secretaría e contará co visto e prace da Presidencia. Na acta farase constar, como mínimo, a relación de asistentes, o lugar, a data e hora da sesión, asuntos da orde do día, principais intervencións, resultados das votacións e os acordos adoptados. O acta remitirase aos membros da Comisión xunto coa convocatoria e a orde do día da seguinte sesión, aos efectos da súa aprobación se procede, sen prexuízo do disposto no artigo 20.5 da Lei 16/2010, do 27 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico en Galicia.

8. Os acordos ou propostas xurdidas no seo da Comisión serán elevados á categoría de instrución que será asinada posteriormente pola persoa titular do órgano competente no desenvolvemento das actividades de control oficial en materia de saúde pública.

#### Artigo 10. Tratamento de datos de carácter persoal

O tratamento dos datos de carácter persoal que se realice como consecuencia do desenvolvemento e aplicación da presente norma efectuarase de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e o resto da normativa que resulte de aplicación.

A dirección xeral competente en materia de control oficial en saúde pública, en coordinación coa unidade responsable da seguridade da información na consellería competente en materia de sanidade, adoptará as medidas de seguridade que sexan necesarias para asegurar a confidencialidade, seguridade e integridade dos datos, velando porque o uso dos mesmos teña unha finalidade estritamente sanitaria e se axuste ao disposto na normativa europea e estatal na materia.

#### Artigo 11. Réxime supletorio

En todo o non previsto nesta orde aplicarase o disposto nos artigos 14 ao 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Disposición adicional única. Crédito orzamentario

O funcionamento da Comisión Técnica Asesora, de conformidade co regulado nesta orde, non xerará aumento dos créditos orzamentarios asignados á Consellería de Sanidade.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, xx de xxxxxx de 2022

Julio García Comesaña  
Conselleiro de Sanidade